**EXCMO. CONCELLO DE TUI**
Praza do Concello, nº 1 –36700 – Tui
Telef: 986 603 625 – Fax: 986 600 570

**ORGANO COLEXIADO: Pleno Corporativo.**
**Nº DE SESIÓN: 3/2022**
**CARÁCTER: Extraordinario**

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO

Considerando que a actual evolución na contención da pandemia non exime aos poderes públicos do seu deber de «organizar y tutelar la salud pública a través de medidas preventivas y de las prestaciones y servicios necesarios» establecido no artigo 43.2 da Constitución Española para garantir o dereito á protección da saúde que recoñece este artigo no seu primeiro apartado.

Considerando que a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, en liñas xerais, mellorou nos últimos meses, e que a actual situación permite volver á celebración dos plenos en sesións públicas, se ben cun aforo do 50%, co fin de manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. A celebración do pleno deberá realizarse de forma axustada aos requisitos necesarios para evitar calquera tipo de risco de contaxio da enfermidade, polo que o uso da máscara será obrigatoria en todo momento e o público asistente deberá permanecer sentado.

Sen prexuízo do anterior, a publicidade da sesión plenaria e a debida transparencia quedará garantida coa retransmisión da sesión en directo a través da radio municipal (á que se poderá acceder a través da páxina web do Concello de Tui), e a publicación da sesión plenaria na mesma, así como permitindo o acceso de medios de comunicación

Faise notar que se realizará unha distribución dos concelleiros permitindo a debida separación entre eles, que se porá a disposición dos mesmos para o seu uso de máscaras e guantes, e que os concelleiros deberán ter en conta as recomendacións sanitarias establecidas na normativas de aplicación.

Visto que en data 08.4.2022 recibiuse no Concello resolución da Dirección General de la Costa y el Mar na que somete á aceptación expresa do Concello de Tui as condicións e prescricións polas que se podería outorgar a concesión de ocupación de 158,64 m² de dominio público marítimo – terrestre con destino a pasarela peonil, na desembocadura do río Louro, termo municipal de Tui (Pontevedra), outorgando un prazo de dez días ao efecto.

Considerando a necesidade de remitir a aceptación expresa solicitada, e visto que o asunto non pode demorar ata a celebración da seguinte sesión ordinaria, esta Alcaldía, con dita motivación, de acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización é Réxime xurídico das Entidades Locais, **RESOLVE**:

**PRIMEIRO.-Convocar Sesión con carácter de Extraordinaria do Pleno Corporativo** a celebrar o vindeiro **martes, día 19 de abril, ás 09:00 horas**, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello e con carácter público, se ben cun aforo do 50%, co fin de manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros, motivada pola necesidade de tratar os asuntos incluídos na convocatoria que non admiten demora, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte:

ENRIQUE CABALEIRO GONZÁLEZ (1 para 2)
Alcalde
Data de Sinatura: 12/04/2022
HASH: 1262f25ea036a2519559e43b926ecbdc

PILAR FERNÁNDEZ ALONSO (2 para 2)
Secretaria Xeral
Data de Sinatura: 12/04/2022
HASH: 423efce7a575b8e3b3615ae6bb95a98d

Cod. Validación: 7N62XCNNLF7ENX6P42Y7LDQFA | Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

**ORDE DO DÍA**

**A) Parte resolutiva:**

**Asunto único.-** Expediente 2569/2018. Proposta de Alcaldía, de data 11.04.2022, relativa á aceptación das condicións e prescricións polas que se podería outorgar a concesión de ocupación de 158,64 m² de dominio público marítimo – terrestre con destino a pasarela peonil, na desembocadura do río Louro, termo municipal de Tui (Pontevedra), propostas na resolución da Dirección General de la Costa y el Mar de 03.04.2022 (con rexistro de entrada no concello de Tui 2022-E-RC-2530 de 08.04.2022).

**SEGUNDO.-**Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión, e facendo remisión ás medidas e recomendacións sanitarias sinaladas na parte expositiva.

**TERCEIRO.-**Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso.

Mándao e asínao o Alcalde, Enrique Cabaleiro González, en Tui.
Documento asinado dixitalmente á marxe.



Cod. Validación: 7N62XCNNLF7ENX6P42Y7LDQFA | Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2